

PROCEDEMENTO: CT213A – Festivais de artes escénicas

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. No *Diario Oficial de Galicia* número 54 do día 17 de marzo de 2023, publícase a Resolución do 2 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a festivais de artes escénicas e de música, e pola que se convocan para o ano 2023 (código do procedemento: CT213A).
2. Logo de rematar o prazo de presentación das solicitudes o día 17 de abril de 2023, procédese ao estudo de todas as recibidas e da documentación complementaria presentada e realízanse os pertinentes requirimentos.
3. O día 21 de xuño de 2023 reúnense as comisións avaliadoras para estudar e analizar as solicitudes e a documentación complementaria.
4. O día 27 de xuño de 2023, unha vez que a comisión avaliadora instruíu o procedemento e entregou o informe preceptivo, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (en diante, Agadic), como órgano instructor, ditou unha proposta de resolución na que se indica o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico que se propón para cada unha delas.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para resolver a concesión da axuda o presidente do Consello Reitor de Agadic, de conformidade co disposto no artigo 15.2 da Resolución do 2 de marzo de 2023, que establece que o presidente do Consello Reitor de Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do Acordo do 24 de xullo de 2021, DOG núm. 164), deberá ditar unha resolución expresa no prazo de 15 días desde a data da proposta de resolución.



2. Todos os expedientes de solicitudes de subvencións a festivais de artes escénicas, co código de procedemento CT213A, foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.
3. O día 21 de xuño, a comisión avaliadora reúnese para avaliar as solicitudes conforme aos criterios de valoración expresados na base décimo cuarta da convocatoria e emite a súa acta e o correspondente informe.
4. Como resultado de todo o proceso, o director de Agadic presenta a súa proposta de resolución o día 27 de xuño.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución do director de Agadic, e de conformidade con ela,

**RESOLVO:**

1. Subvencionar polos importes que se expresan as entidades solicitantes que se relacionan no anexo I.
2. Inadmitir as solicitudes que se relacionan no anexo II polas causas que se expresan nel.
3. Desistir as solicitudes que se relacionan no anexo II polas causas que se indican nel.
4. Desestimar as solicitudes que non acadan os 50 puntos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición perante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Unha vez transcorrido o devandito prazo, unicamente se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, de que proceda o recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



b) Recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O presidente do Consello Reitor de Agadic

Román Rodríguez González



**ANEXO I**
**PROXECTOS SELECCIONADOS**

| Expediente     | Solicitante                              | NIF       | Proxecto   | Criterios automáticos | Criterios artísticos | Total puntuación |
|----------------|--|-----------|--|-----------------------|----------------------|------------------|
| CT213A/2023/23 | Asoc. Telón y Aparte                     | G15417165 | 32 Festival Internacional de Teatro de Outono (Fiot)                             | 40,00                 | 43,34                | 83,34            |
| CT213A/2023/19 | Sarabela, SL                             | B32117483 | Festival Internacional de Teatro de Ourense                                      | 45,25                 | 31,99                | 77,24            |
| CT213A/2023/11 | Asociación Cívico Cultural Xiria         | G36024990 | 40 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas 2023                | 31,00                 | 40,00                | 71,00            |
| CT213A/2023/3  | Asociación Cultural Barriga Verde        | G15604010 | XXVIII Festival Internacional Galicreques 2023                                   | 44,50                 | 26,33                | 70,83            |
| CT213A/2023/4  | Asociación Xente Titiriteira             | G36454445 | XXIV Festival Internacional de Títeres de Redondela. Memorial Juanjo Amoedo-2023 | 21,00                 | 39,01                | 60,01            |
| CT213A/2023/15 | Asoc. Teatro Cía. Caracol                | G36349850 | Desfoga  | 33,00                 | 26,33                | 59,33            |
| CT213A/2023/39 | Asoc. Morreu o Demo                      | G70363981 | VIII Titiriberia. Festival de Títeres Tradicionais Ibéricos                      | 27,00                 | 32,33                | 59,33            |
| CT213A/2023/10 | Culturactiva SCOOP Galega                | F15983067 | Festaclown Vilagarcía 2023   | 27,75                 | 31,33                | 59,08            |
| CT213A/2023/1  | Padroado da Cultura do Concello de Narón | G15157159 | VIII Singular. Festival Internacional do Monólogo Teatral                        | 34,00                 | 20,99                | 54,99            |
| CT213A/2023/38 | Thinkingupevents, SLU                    | B70242946 | Porta Máxica   | 12,00                 | 38,34                | 50,34            |



**IMPORTES DAS AXUDAS**

| Expediente     | Solicitante                              | NIF       | Proxecto   | Importe concedido |
|----------------|--|-----------|--|-------------------|
| CT213A/2023/23 | Asoc. Telón y Aparte                     | G15417165 | 32 Festival Internacional de Teatro de Outono (Fiot)                             | 49.276,66 €       |
| CT213A/2023/19 | Sarabela, SL                             | B32117483 | Festival Internacional de Teatro de Ourense                                      | 25.396,28 €       |
| CT213A/2023/11 | Asociación Cívico Cultural Xiria         | G36024990 | 40 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas 2023                | 35.764,40 €       |
| CT213A/2023/3  | Asociación Cultural Barriga Verde        | G15604010 | XXVIII Festival Internacional Galicreques 2023                                   | 31.047,99 €       |
| CT213A/2023/4  | Asociación Xente Titiriteira             | G36454445 | XXIV Festival Internacional de Títeres de Redondela. Memorial Juanjo Amoedo-2023 | 12.774,72 €       |
| CT213A/2023/15 | Asoc. Teatro Cía. Caracol                | G36349850 | Desfoga  | 5.993,69 €        |
| CT213A/2023/39 | Asoc. Morreu o Demo                      | G70363981 | VIII Titiriberia. Festival de Títeres Tradicionais Ibéricos                      | 24.973,70 €       |
| CT213A/2023/10 | Culturactiva SCOOP Galega                | F15983067 | Festac clown Vilagarcía 2023   | 10.607,77 €       |
| CT213A/2023/1  | Padroado da Cultura do Concello de Narón | G15157159 | VIII Singular. Festival Internacional do Monólogo Teatral                        | 12.872,21 €       |
| CT213A/2023/38 | Thinkinguevents, SLU                     | B70242946 | Porta Máxica   | 6.292,58 €        |

**ANEXO II**
**INADMITIDOS**

| NÚM. DE EXPEDIENTE | NIF       | SOLICITANTE                     | PROXECTO                                  | CAUSA DE NON ADMISION                                   |
|--------------------|-----------|---------------------------------|---|---|
| CT213A/2023/5      | B94201811 | Illusions Works, SL             | Galicia Magic Fest                        | Base 3ª, punto 3, da modalidade B das bases reguladoras |
| CT213A/2023/26     | P2703700A | Ayuntamiento de Nogales de Lugo | Ruada de 1900. As Nogais terra de camiños | Base 3ª, punto 3, da modalidade B das bases reguladoras |

**DESISTIDOS**

| NÚM. DE EXPEDIENTE | NIF       | SOLICITANTE        | PROXECTO                     | CAUSA DE DESISTENCIA                    |
|--------------------|-----------|--------------------|------------------------------|---|
| CT213A/2023/2      | P1506600D | Concello de Padrón | A cultura rula x Padrón 2023 | Base 7ª, punto 2, das bases reguladoras |



**PROXECTOS QUE NON SUPERAN A PUNTUACIÓN MÍNIMA**

| Expediente     | Solicitante                     | NIF       | Proxecto                                | Criterios automáticos | Criterios técnicos | Total puntuación |
|----------------|---------------------------------|-----------|---|-----------------------|--------------------|------------------|
| CT213A/2023/37 | Etiqueta negra producciones, SL | B27495431 | Encontro Mundial de Humorismo Emhu 2023 | 35,00                 | 10,66              | 45,66            |
| CT213A/2023/29 | Ainé Producións, SL             | B70433032 | Castelo conta                           | 30,00                 | 15,35              | 45,35            |
| CT213A/2023/34 | Sala Artika, SL                 | B09950072 | IV Festival Comediártiko                | 26,00                 | 16,33              | 42,33            |
| CT213A/2023/20 | Concello de Cariño              | P1509500C | Mostra de Teatro e Cariño               | 17,00                 | 22,33              | 39,33            |
| CT213A/2023/17 | Kirenia Celia Martínez Acosta   | ***0630** | III Festival Danzar o Camiño            | 9,00                  | 27,67              | 36,67            |

